

Debe tratarse de que os estudantes entendan o que está a pasar no mundo

Os docentes e a guerra do golfo Pérsico

□ Hai que tentar que os nenos valoren a situación

A escola ten que se abrir á actualidade e ser permeable ó que ésta motiva

Moitos profesores de escolas galegas terán estes días decidido, con moi bo criterio, tratar nalgunhas das suas clases sobre a guerra do Golfo Pérsico.

Decidirono así porque seguramente pensan, entre outras cousas, que a escola se debe abrir ás novas da actualidade, que debe ser permeable ao que en cada momento motiva a atención mundial, preocupa ou interesa aos escolares, que debe ser un ámbito que lles axude a entender, valorar e criticar as cousas importantes que acontecen no mundo.

Neste senso, moitos ensinantes terán pensado que a guerra do Golfo era unha ocasión —unha triste ocasión— para traballar unha chea de actitudes e valores que deben ser cultivados na escola, se é que ésta se pretende formativa e non só instrutiva.

Os xeitos de afrontar en clase a guerra terán sido múltiples. Elo dependería de factores diversos: da idade dos escolares, do estilo pedagóxico do profesor ou profesora e da súa ideoloxía, da área ou a materia correspondente (sociais, ética, lingua...), quizá de decisións explicitamente tomadas polo claustro ou polo consello do centro educativo, etc. Algúns docentes terán desenvolvido mais ou menos maxistralmente as súas explicacións e opinións encol da guerra, outros terán propiciado discusións, terán comentado artigos de xornais e grabacións en vídeo de programas de televisión. Incluso algúns terán ideado ou facilitado actividades mais orixinais (xogos de simulación, role-plays, discusións de dilemas en torno ao conflito...), ou de maior alcance (pequenas investigacións en equipo, seminarios ou xornadas escolares encol da paz, con táboas redondas, charlas, etc.) ou mais comprometidas (escribir cartas aos xornais, participar en manifestacións...)

Informar encol da guerra

Simplificando moito e deixando de lado as diversas variantes e posibilidades metodolóxicas, cunha cuestión como a da guerra do Golfo, na escola pódense facer basicamente tres cousas. Tres cousas que na práctica aparecen sempre moi misturadas, pero que aquí comentaremos por separado. En primeiro lugar, a escola pode actuar nunha dimensión, digamos, cognoscitiva. Isto é, tentar que os estudantes entendan o que está sucedendo. A información que se recibe a traveso dos medios de comunicación de masas, aínda que extremadamente censurada polas partes guerreantes, resulta realmente abrumadora. E se é abrumadora para os adultos, moito mais seráo para as nenas e nenos, posto que a elas e eles non soe ir especificamente dirixida.

Polo tanto, nesta liña cognos-


citiva unha primeira tarefa da escola ha ser a de facer intelixible aos escolares esta información a peneirar a que sexa verdadeiramente significativa e asequible a eles.

Ademais, moitos docentes sospeitan que, ao menos deica o momento, a imaxe que se ofrece da guerra non é moi real: a pesares dos miles e miles de toneladas de bombas e mísiles que se intercambian os contendentes, case non se pon de manifesto as secuelas negativas da guerra: a morte, a destrución, o sufrimento... E por iso que, probabelmente, algúns docentes —tendo o tino de non auguriar aos escolares— terán tentado ofrecer unha imaxe menos optimista e manipulada pero probabelmente máis verídica.

Tamén terán tentado que os estudantes non só entendan a información encol da actualidade da guerra do Golfo, senon que a "comprendan"; isto é, que a contextualicen historicamente, que sexan capaces de analizar as súas causas e consecuencias, os intereses que se xogan, etc. etc.

Educación en valores

Pero, ademais de atender a esta dimensión cognoscitiva, moitas mestras e mestres, como decíamos ao principio, querían aproveitar a desgraciada



Debuxo realizado por escolares.

circunstancia dunha guerra para traballar unha chea de actitudes e valores antagónicamente reflexados nas contiendas bélicas. Así, terán levado a cabo reflexións e actividades encol do valor da paz, encol da tolerancia, encol da resolución dialogada e concertada dos conflitos, encol dos dereitos humanos...

Seguramente, poucos discutirían que, con motivo da guerra, está ben que na escola se

realicen actividades que teñan por obxecto atender ao aspecto cognoscitivo antes citado: ao fin e ao cabo, todo o mundo está de acordo en que unha das tarefas educativas da escola consiste en facer intelixible a realidade aos estudantes. Tampouco xenerará moita polémica que na escola se traballen os niveis atitudinais e axiolóxicos citados: ao fin e ao cabo, ao menos na teoría e de xeito xenérico, a maior parte das persoas razoa-

beis están de acordo en que a paz, o diálogo, os dereitos humanos, etc. constitúen aspiracións que deberan verse realizadas no mundo, e, polo tanto, coincídese de xeito xeneralizado en que a escola debe formar actitudes favorábeis a todo elo. A discusión, pois, non está en estas dúas cousas que a escola pode facer en torno á actual guerra do Golfo.

JAUME TRILLA
(Universidade de Barcelona)

VALORAR

Os valores controvertidos

O problemático reside na terceira cousa que anunciábase antes. Esta terceira cousa que a escola pode (e ¿debe?) facer en relación a esta guerra é poñer aos escolares en disposición de valorar. Pero non só de valorar, en xeral, a guerra e a paz, senon tamén esta guerra en concreto. E isto inclúe valorar os motivos e os comportamentos dos contendentes, as decisións políticas que se toman, os intereses que se explicitan ou que se acochan, as coherencias ou incoherencias en relación a posicionamentos precedentes, as razóns e actuacións dos que se opoñen, etc. E, á súa vez, todo isto supón entrar na valoración (e, polo tanto, na crítica) de nomes propios e realidades específicas: Sadam Husein, Bush, Israel, pobo palestino, movementos pacifistas, intervención dos países da Comunidade Europea, petróleo, armas químicas, papel da O.N.U., etc.

Porque, é certo que, na teoría e de xeito xenérico, todo o mundo está a prol da paz. Extranamente, incluso estarían a favor da paz aqueles que dan unha nova volta de tuerca á famosa frase "se queres a paz prepárate para a guerra", convertíndoa de facto en "se queres a paz apóntate á guerra" (ou "manda barcos de guerra á zona da guerra"). Porque tamén dicen estar a favor da paz os que cren que, a pesares de ser a paz un valor desexábel, este valor debe estar subordinado a outros valores, por exemplo: á orde internacional que debe ser restablecida, á fidelidade ao amigo (neste caso, ao "amigo americano" uns, e ao "amigo palestino" outros), ao xeito de vida occidental e, polo tanto, ao petróleo.

O realmente controvertido, pois, non está no valor paz, en si mesmo considerado, senon en cómo son os mellores medios para lograrla e no lugar que este valor debe ocupar nunha determinada escala de valoración. E—para poñer exemplos que nos implican a nós mais directamente— controvertido tamén está en se os reclutas españois deben ou non ir ao Golfo, en se é lícito ou non que deserten se é que cren que alí nada se lles perdeu, en se ten mais razón o Goberno español (e os partidos que o apoian) que envía barcos aos aledaños da guerra, ou as xentes que se manifestan pedindo que volvan, etc. E en relación a estes e outros moitos asuntos controvertidos se sitúa, á súa vez, a controversia forte encol o que os docentes deben facer na escola en torno á guerra do Golfo. ¿Deben as profesoras e profesores plantexar na clase estes asuntos realmente controvertidos, ou limitárense á información "obxectiva" e a aqueles valores xerais nos que, en principio, todo o mundo está de acordo?, ¿poden os docentes explicitar ante os estudantes as súas propias opcións ou opinións ante aquelas cuestións, ou fronte a elas haberán de manterse nunha exquisita neutralidade?, ¿está ben que na escola, ademais de "falar" encol destes temas, se decida facer cousas mais comprometidas (ir a manifestacións, escribir cartas aos xornais, etc.), ¿as opinións dos pais e nais pintan algo nas decisións que tomen os docentes en cómo deben proceder?, ¿cál son os factores que debe ter en conta o docente para adoptar unha actitude ou outra?...

A XORNADA ESCOLAR, A DISCUSION

O traballo
foi dirixido
por José
Antonio Caride
Gómez

Galicia comenza a implantar a xornada única no ensino básico

□ A Xunta edita un libro no que avalía esta experiencia

O estudo
chegou aos
centros no
pasado mes
de decembro


A finais do pasado mes de decembro e xa próximos a rematar o primer trimestre deste curso, chegou aos nosos centros un libro titulado "Avaliación da xornada escolar de sesión única en Galicia", editado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Universidade de Santiago e o Instituto de Ciencias de Educación, e realizado por un amplo equipo investigador dirixido por José Antonio Caride Gómez. Este libro pretende facer un balance da implantación da xornada escolar de sesión única que en plan experimental están a levar a cabo algúns centros de EXB de Galicia.

En certa medida este tipo de xornada é un tema polémico no mundo do ensino, xa que entran en bastante contradición o que pode ser unha reivindicación dos ensinantes e a realidade social actual dos nosos barrios e vilas de falla de ofertas culturais e de infraestruturas, así como os diferentes horarios no mundo laboral dos pais e nais dos estudantes. Pese a todo, é importante a reflexión e discusión polos distintos sectores que interveñen no mundo do ensino do tipo de xornada escolar e contribuir a un debate necesario o máis ordenado e sereno posible. A continuación, tomando como referencia este libro iréi resaltando algúns aspectos que eu considero máis importantes a hora do estudo da xornada única. Cecáis para empezar a ser un pouco obxectivos é indudable que os resultados que aparecen neste estudo da implantación da xornada única son bastante positivos para esta opción xa que previamente a experimentación nos centros de EXB que o solicitaron tiñan que cumprir unha seire de condicións esixidas pola Consellería de Educación como eran:

- Acordo favorable do Consello Escolar, por maioría de dous tercios do número legal dos seus membros.
- Acordo favorable do claustro de profesores, por maioría de dous tercios dos seus integrantes.
- Informe das Asociacións de Pais de Alumnos (APAS), legalmente constituídas no centro.
- Acordo favorable de dous tercios do total do censo dos pais ou titores dos alumnos/as.

Outro aspecto a destacar para a reflexión é que en Galicia (máis en concreto na provincia de Pontevedra e A Coruña) experimentan a xornada escolar lectiva en sesión única de mañá máis centros, profesores e alumnos que en todo o resto do estado español.

ANTONIO FERNANDEZ PEREIRA



La Región/BENEJ

Consideracións teóricas

□ Na CEE impera a xornada partida

Antes de entrar no debate do tipo de xornada, é importante resaltar unha serie de consideracións teóricas que aparecen na primeira parte do libro. Antigamente as autoridades locais respectivas, os cregos, colexios relixiosos podían establecer os horarios que lles gustase, xa que non se valoraba para nada a súa incidencia nunha educación, que tiña moito máis de inculcación doutrinal que de formación global.

A medida que a sociedade vai avanzando e dependendo dos colectivos sociais dominantes vaise prestar máis atención á formalización dos procesos de aprendizaxe e da organización institucional.

Na primeira metade do século XIX inicianse as primeiras fórmulas organizativas de temporalización escolar. As respectivas autoridades centrais, rexionais e locais, ou mesmo os directivos dos centros escolares, serán os responsables do establecemento dos horarios escolares, segundo exista un réxime administrativo de maior ou menor centralización/descentralización, na toma de decisións.

Outro aspecto digno de interese é a gran importancia cultural-educativa que ten a

institución escolar. A escola é o único medio para a transmisión da cultura e do saber, así como os coñecementos e códigos culturais válidos.

No proceso de institucionalización da organización escolar tamén están presentes criterios sociolóxicos e económicos, o contexto productivo e os horarios laborais dos pais e nais dos alumnos/as.

En resumen prevalecen máis as razóns político-sociais cunha gran centralización que outro tipo de criterios nos que se primase máis a realidade social na que están inmersos os centros escolares.

As razóns político-sociais son as predominantes na maior parte dos países da CEE, onde os horarios lectivos de xornada partida (con sesións de mañá e tarde) é o sistema maioritario cun total de horas docentes semanais que oscila entre un mínimo de 22 horas e un máximo de 27 horas de traballo académico.

Para un bó sector do profesorado estes datos faranlle pensar pois hai unha idea bastante xeneralizada de que na maior parte dos países de Europa está implantada a sesión única.

A.F.P.



NÚMERO DE HORAS LECTIVAS

	ENSINO PRIMARIO	ENSINO SECUNDARIO
Bélxica	23,20	26,40
Dinamarca	De 15 a 34	
R.F.A.	17 a 28 (**)	29 a 33 (**)
Francia	27	24 a 27,30
Grecia	De 23 a 30 (*)	
Irlanda	23,30 a 30 (*)	
Italia	24	30
Luxemburgo		
Países Baixos	22 a 25	24 a 32
Portugal	--	--
Reino Unido	15 a 20 (mín.)	Libre

(*) Agrupa ensino primario e secundario inferior, xeralmente nunha única institución.
(**) Segundo os distintos Länder e o tipo de institución.

A XORNADA ESCOLAR, A DEBATE



Os profesores aparecen como responsables de implantar a xornada única nos centros.

Para o mestre permite un mellor perfeccionamento profesional

O Consello Escolar debe ser o que estableza o horario lectivo

□ O tipo de xornada non inflúe na aprendizaxe

Debemos partir de que o tipo de xornada non pode implantarse por decreto-lei e para todos os centros de Galicia por un igual. Débese dar a suficiente autonomía para que cada Consello Escolar poida establecer o horario que máis oportuno considere en función da realidade socio-económica na que está inmersa. Poden influir moitos aspectos á hora de determinar o tipo de xornada:

- Distintos intereses da comunidade escolar.
- A diferente situación da escola no medio úrbán ou rural.
- A existencia ou non de transporte escolar.
- A lonxanía ou cercanía dos servizos escolares dos núcleos de poboación infantil.
- Os hábitos alimenticios das poboacións.
- A presenza ou carencia doutros servizos culturais non formais e deportivos.
- Os equipamentos escolares.

Todos estes factores fan que o tipo de xornada (única ou partida) varíe, polo que as decisións teñen que darse dentro da mesma escola. No caso de optar pola xornada única, non se debe permitir o peche dos comedores escolares.

De todas maneiras, en canto ó rendemento non parece que o tipo de xornada poida influir no proceso de aprendizaxe, "máis ben parece que son as actitudes dos axentes educativos, a concepción da escola, os métodos pedagóxicos ó uso, a flexibilidade e a apertura do centro á comunidade, etc., os elementos que soportan a consecución dun determinado clima escolar. Os horarios, pois, xogarían -salvo intereses moduladores non estritamente pedagóxicos (económico laborais, políticos, etc.) un rol meramente instrumental".

No cadro 5 aparecen os profesores como os responsables de implantar a xornada única no seu centro escolar.

No cadro 6 aparecen os aspectos que foron citados con maior frecuencia no estudio

realizado polo equipo investigador cando se planteaba a posible incidencia da implantación da xornada única sobre cada sector. Unha das razóns aportadas polo profesorado para apoiar este tipo de xornada é que así permítese un mellor perfeccionamento profesional a través de cursiños, seminarios, etc. que se realizarían polas tardes. A mín non me parece moi axeitado este tipo de proceder senón que o lóxico é que se reduza a xornada lectiva para así poder asistir a cursiños, etc.

Esta redución de xornada lectiva debería ser dende a formación inicial até a xubilación. No caso de que a formación fose no propio centro tamén debería ser dentro do horario lectivo, conxugando os aspectos teóricos coa práctica docente, xa que é na propia aula onde mellor se pode perfeccionar o profesorado.

Por suposto que o custo debe ser pagado pola Administración con cargo aos presupostos xerais destinados a Educación.

A xornada única para moitos profesores non quere dicir que os alumnos só teñan clases pola mañá, senón que estas estarían complementadas polas actividades extraescolares a realizar nas sesións de tarde. Pero ¿quén se encarga de atender estas actividades? Si o profesorado xa cumpriu co seu horario laboral de mañán, ¿van ser só monitores os que se encarguen da organización destas actividades sin unha supervisión e control do centro?

¿De quen dependerán economicamente...?

Facendo un mero repaso de como é hoxe a situación da maioría dos concellos en canto a súa obriga actual do mantemento e conservación dos colexios públicos darémonos conta das graves fallas que se producen neste eido. Si aínda por riba pénsase que os concellos poden contratar personal para atender as actividades extraes-

¿De qué persoas ou grupos xurde a idea de implanta-la xornada única no seu centro escolar?

	SI %	NON %	N.S./N.C. %
Dos alumnos	49,3	9,8	40,9
Dos profesores	88,8	1,3	8,9
Da dirección do Centro	62,9	3,5	33,6
Da Administración Educativa	28,5	14,5	57,5
Da APA	57,2	8,2	34,6
Dos pais, en xeral	55,2	6,2	38,6

colares parece que estamos vivindo un sono. Realmente tense que pensar na incapacidade de moitos concellos, APAS, etc., para organizar as actividades culturais, moitos pola nula disposición e outros pola falla de medios.

Realmente fai falla unha transformación en profundidade do sistema educativo, e si se opta pola xornada única, non se debe permitir a eliminación de transportes e comedores, contentando demagóxicamente a un sector do profesorado, e aorrando aínda por riba diñeiro dunhos presupostos educativos cada vez máis pequenos.

Nas zonas rurais de Galicia, coa implantación da sesión única, posiblemente moitos alumnos e alumnas verían incrementado o seu traballo nas tarefas agrícola-gandeiras coa repercusión negativa nos seus estudos, xa que disporían de menos tempo para prestarlles unha boa atención.

En resumen, é necesario clarificar ben que é a xornada única, quen se encarga das actividades extraescolares e, despois dun estudio serio, cada consello escolar debería elixir o tipo de xornada que mellor se acomode a súa realidade. E preciso fomentar a relación entre a escola e a vida cotidián, tendente a medio prazo a unha

efectiva integración dos servizos educativos e comunitarios. De conseguirse este logro, a cuestión da xornada única ou partida non terá apenas transcendencia; ademais, como indica H.D. Fessas-Emmanouil, esta integración sería unha resposta a dous problemas:

- Procurar que a educación

esté máis en consonancia coa vida da comunidade, contribuíndo a que a escola forme parte integrante de servizos sociais e culturais.

- Acadar unha efectiva coordinación dos servizos socio-culturais e comunitarios.

A.F.P.

Aspectos máis considerados ante a implantación da xornada única

ALUMNOS:	
Mellora do rendemento	31%
Modificacións e maiores posibilidades de actividades extraescolares	17%
Menos tempo adicado a transporte e menos risco	17%
Posibilidade de utilizar mellor o tempo libre	10%
PAIS:	
Favorece-las relacións familiares	35%
Atender mellor ós fillos	21%
Mellora-la oferta e desenvolvemento de actividades extraescolares	10%
Reduci-lo tempo destinado ó transporte	8%
DOCENTES:	
Posibilita-las actividades de perfeccionamento	36%
Facilita-la preparación das clases	11%
Favorece-lo desenvolvemento e condicións de traballo	11%
CENTRO:	
Favorecer un mellor funcionamento do centro	12%
Mellora-la calidade de ensinanza	10%
Desenvolvemento da experiencia	8%
Transporte dos alumnos	6%

LIBROS

Carpeta Pedagóxica: Os dereitos humanos

A organización non gubernamental "Amnistía Internacional" presentou nas IV Xornadas de Educación para a Paz celebradas en Ourense unha carpeta pedagóxica sobre os dereitos humanos, na que se inclúen seis seccións independentes.

Na primeira, ofrécese material gráfico para traballar o tema dos presos de conciencia, xunto cunhas propostas didácticas e textos complementarios nos que se fai referencia a persoaxes relevantes como Sócrates, Jesús de Galilea, Galileo e Ghandi, así como a grupos sociais marxidados: os escravos e as mulleres. Remata esta parte con diversos exemplos de cartas e telegramas que os escolares poden enviar en defensa de presos de conciencia concretos.

Segunda sección

A segunda sección da carpeta trata do problema da pena de morte. Ademais de textos informativos, preséntase un xogo de roles que se distribúe entre os seguintes papeis: "Ex-condenados a morte e os seus familiares", "ex-verdugos", "grupo de amnistía", "víctimas do atraco", "comité contra a criminalidade e "comisión gubernamental da pena de morte".

A terceira e cuarta sección ofrecen información encol de casos concretos nos que se reflexa a violación de distintos dereitos humanos, así como material para escenificar un estudo de caso sobre a problemática relación entre xusticia e castigo.

A quinta sección presenta o xogo de cubilete e dados "Os dereitos humanos", no que os xogadoras/es van sorteando os obstáculos das violacións dos dereitos humanos e beneficiándose da conquista das liberdades individuais e colectivas.

Finaliza esta carpeta ofrecendo un "dossier" de publicacións editadas por Amnistía Internacional.

MERCEDES SUAREZ PAZOS.

A publicación ofrece un dossier de traballos de de Amnistía Internacional



NOVAS

Actividades de Nova Escola galega

- 1. V Xornadas de Educadores pola paz. Ourense, 5-8 de febreiro.
- 2. V Xornadas de debate sobre a Reforma Educativa: a Educación Secundaria. Santiago, 16 de marzo.
- 3. V Encontros de Educadores/as pola paz. A Guardia, 12 o 14 de abril.
- 4. I Encontros Galegos de MRPS, abril.
- 5. Campaña en defensa da Escola Pública. Por zonas. Abril.
- 6. Exposición itinerante sobre A Escola Moderna e Ferrer Guardia, durante o mes de maio: 1-7 (Ourense); 10-16 (Pontevedra); 17-24 (Santiago) e 25-31 (A Coruña).
- 7. IV Xornadas de Normalización Lingüística no ensino. Maio.
- 8. I Encontros de Coeducación. Santiago, xuño.
- 9. V Escola de Verán, 1-5 de xullo.
- 10. V Encontros de Ensinantes do Morrazo, setembro.
- 11. I Encontros de Educación Infantil. Santiago, 4-5 outubro.
- 12. II Encontros de Educación Medioambiental, 15-16 novembro.

Obxetivos

- Levar adiante todo tipo de actividades encamiñadas para dignifica-la escola pública. Entendendo que esta é unha cuestión que afecta a toda a comunidade educativa, cobra especial significado para a Asociación revitaliza-las relacións con outras Asociacións no camiño de xuntar esforzos na defensa da escola pública e da galeguización do ensino.
- Realizar un seguimento crítico da implantación dos novos deseños curriculares e da reforma no seu conxunto.
- Prestar especial atención ós diferentes aspectos de política educativa, denunciando aqueles que desde a nosa perspectiva atenten contra o modelo de escola pública galega que defendemos.
- Afondar no modelo de Formación do profesorado.
- Continua-la nosa liña de galeguización do ensino.
- Fortalecer Nova Escola Galega como espacio de intercambio e renovación pedagóxica.

Poesías escolares contra a guerra

Realizadas polos alumnos do colexio de Boborás

Son un neno de 13 anos, quizais as miñas ideas non sean acollidas como un maior de idade pero seguireinas defendendo como si tal cosa. Paréceme estúpida unha guerra que comenza por as razóns máis tontas coma o petróleo, e termina nunha catástrofe inimaxinable. Miles de persoas inocentes quedarán sepultadas, e miles de xoves que van a guerra morrerán por defender a patria avariciosa. Eu dirixome persoalmente a ONU para intertar parar a guerra.

JAVIER (8º)

George Bush, non fagas guerra, por favor, morren moitos homes, mulleres, nenos e nenas e todos están disgustados. E unha guerra moi desigual e todos teñen medo. Sadam Husein: non vos peleedes, destrozánse cidades, provócanse incendios, e unha horrible batalla: nenos que non poden ir ó colexio, homes que morren e deixan moi tristes ós seus familiares, a paz é o mellor pra todos, compartir o mellor, en vez de facer guerra, deixade as guerras e lembrádevos da paz.

ANGELINA (4º)

Eu, persoalmente, dirixome ó ONU para pedir paz. Paréceme absurdo que, por uns cantos barriles de petróleo, morran millóns e miles de persoas inocentes.

Creo que o máis lóxico sería tratar de reconciliarse amistosamente. Coa guerra nunca conseguiremos nada, porque é irracional. A miña opinión é que a razón predomina sobre a guerra.

Con moito cariño, dígolle a todas esas persoas que temen ser atacadas, que houbo un gran señor, Monseñor Romero, que dixo: "Los que mueren por la vida, no pueden llamarse muertos". Vivamos coa esperanza de que todo se solucione.

EVA (8º)

Eu opino que a guerra no Golfo pode traer consecuencias negativas para o mundo enteiro, entre eles os máis pobres. A mín me gustaría que non morrera tanta xente por un barril de petróleo, a mín tamén me asustaría que todo o diñeiro que gastamos no armamento, que son moitos millóns de dólares por minuto, se repartiran ós pobres é tamén para arreglar cousas que nos fan moita falta. Tamén me gustaría que todo acabara en paz para todos os países.

JOSE ANTONIO (8º)

ONU mándolles esta carta pra decirlles que Kuwait é un país independente e que nin vostedes nin EE.UU. nin Irak deben introducirse nel. Todos teñen as suas terras, e que, se os homes de Sadam Hussein o invadiron, fixeron mal. Pero por eso non todos debemos facer igual e non meternos nunha guerra que e moi longa e moi mala para todo, terminando coa vida de millóns de persoas. Sólo unha última frase: vale máis a vida dunha persoa ca un barril de petróleo.

MIGUEL A. BERNARDEZ (8º)

Son un neno de octavo curso, e pido que Sadam e Bush pensen un pouco nos demais e que pensen que os nenos non van poder disfrutar dun mundo que esté en paz. Tamén que pensen nos pais que están chorando po-los seus fillos que están na guerra. Solo quero que Sadam e Bush digan unha soa palabra e esa palabra sexa paz.

AVELINO LOPEZ (8º)

Pido que EE.UU. e todo-los demás países se retiren do Golfo e que Sadam Husein se vaia de Kuwait. Esto todo en favor da paz. "Non sangue por petróleo".

MARY JANEIRO (7º)

GARABULLIÑO



NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

